

ORDENACIÓN DO CAMPO DA FESTA NA FRAGA. GONDOMAR

PARTY SITE ORDIINATION. A FRAGA. GONDOMAR



Fontán Rodríguez, Domingo.
Carta Xeométrica de Galicia.
1817 - 1834

A parroquia: identidade e cooperación

Cando se fala do universo rural con frecuencia os temas xiran ao redor das relacións do individuo ou da familia. Sublíñase o sentimento de arraigo á terra, o minifundio e a paisaxe parcelada en anacos, que dan idea da marcada individualidade do labrego. Tanto o traballo como a familia teñen o seu lugar no espazo casa-vivenda, unha célula da produtividade no medio rural, un marcado 'nós' delimitado fronte ao 'eles' alleo. As visións fortemente introspectivas labrego-vivenda enganar da complexa realidade dese mundo, ás veces ridiculizado nos frecuentes litixios por propiedades entre veciños. Dende outro enfoque do tema, pódese realizar un achegamento

máis rico a esta realidade complexa a través da lectura da parroquia, a célula básica das relacións sociais no rural tradicional.

“La parroquia es forma natural, espontánea, inmortal, de la población campesina. A ninguna otra forma de organización se puede aplicar el gastado tópico, aquí dominadora realidad, de célula social. Paralela en fortaleza al a familia, la parroquia subsiste íntegra a través de todos los cambios administrativos (...) La parroquia es una especie de comunidad espiritual. El gallego es siempre de tal o cual feligresía y a sus convecinos considera dentro de un radio especial de cooperación que nace de los trabajos comunes y de un hondo sentido cósmico, que se expresa triunfal en las fiestas que coronan el momento central o terminal de los trabajos del campo”


Otero Pedrayo fai una lectura espiritual e comunitaria, cósmica e terreal, dando conta dos dous conceptos entre que se move a parroquia. A parte espiritual da freguesía fúndase como división eclesiástica do territorio. Aínda que a estrutura cristiá despregada sábese debedora dunha anterior, previa á romanización, na toponimia das parroquias gárdase un substrato pre-latino que da conta diso. Nome, advocación, lugar de culto e párroco forman as invariantes do sistema parroquial cristiá. O párroco era unha das personalidades da parroquia, co mestre ou mestra e o gran propietario ou capitalista, era unha das persoas instruídas, que sabía ler, e tamén a autoridade moral-represora que influía sobre a conduta dos fieis. Os veciños asisten con asiduidade ao ritos, atópanse, conversan, socializan ao redor da igrexa de forma cotiá, é un lugar de encontro. Teñen cerimoniais propias para o rito do nacemento e da morte. As dúas cerimoniais teñen unha dobre condición. Unha dimensión individual, a do individuo con Deus. No nacemento, faise unha cerimonia na que a nova vida simbolicamente comunga coas crenzas, no pasamento simbolízase a abandono da vida e viaxe cara o outro mundo. E a dimensión comunitaria, a do individuo coa comunidade. Son sempre actos públicos, abertos aos veciños. No nacemento a nova vida é presentada á comunidade, á tribo, aos veciños, como símbolo da súa inserción no grupo. No pasamento faise unha cerimonia onde a comunidade apoia ao núcleo familiar que perdeu esa vida, é unha mostra de solidariedade entre veciños.

Na vida comunitaria, a do cotián e terreal, a parroquia perdía esa condición mística e facíase espazo social. Para a subsistencia, os labregos traballan o campo mediante sementas e colleitas guiadas polo ciclos estacionais. Traballaban o policultivo, diferentes cultivos de pouca extensión, condicionados pola baixa mecanización e o minifundio(2). O labrego estaba moi condicionado polo clima, baixo a incerteza dos cambios, o traballo de forma colectiva era un paliativo. A cooperación entre veciños facíase de forma natural, era unha resposta evidente para reducir o esforzo e obter mellores resultados. A axuda mutua baseábase na lóxica da reciprocidade. Traballar entre varias familias afíns un campo era unha maneira tamén de socializar, compartir esforzos e experiencias. Supuña unha maneira de fortalecer os vínculos da comunidade. Estes intercambios de esforzos tamén se producían dende os pequenos artesáns da parroquia.

Aínda que o labrego estaba marcado pola propiedade da terra, existen propiedades dentro da parroquia que non tiñan un dono definido, se non que son de tódolos veciños, de xestión comunitaria. As augas, ríos e regatos, da parroquia estaban xestionados pola comunidade. Tamén os sistemas de encoros e canalización de regadíos levantados polos veciños eran xestionados desta maneira, eran conducións que percorrían os vales seguindo os camiños das augas. Baixo un sistema de quendas podíanse organizar varias familias a rega das súas terras. Coa enerxía das augas facíase funcionar os muíños para moer os cereais, aínda que os había privados, tamén gobernados moitos polos veciños. As augas servía para a limpeza da roupa, construíanse entre todos os lavadoiros. Para as augas profundas dos mananciais, construíanse as fontes que daban subministro para persoas e animais. Estes lugares, muíño, lavadoiro e fonte,

eran de gran importancia na vida social da parroquia. Lugar de encontro, conflito e amoríos. Outro elemento de xestión comunitaria eran os montes. Dentro da economía agro-gandeira as terras non traballadas, facían un aporte de madeira e materia orgánica para os campos. Eran unhas terras de reserva que os veciños xestionaban entre todos, unha figura que se consolidou como montes de mancomún.

Determinados polos ciclos estacionais, toda parroquia tiña as súas celebracións. Nelas os veciños xuntábanse de forma excepcional para facer a festa. Momento de enxalzamento da vida comunitaria e conmemoración da identidade parroquial. Dentro de tres tipos de festexos: ciclo anual, parroquiais e romarías(3). As relacionadas cos ciclos das colleitas e os cambios estacionais foron sacralizadas polo cristianismo mediante ritos, como o Nadal; pero outras manteñen un forte contido pagán como o Entroido ou os Maios. Toda parroquia ten cadansúa advocación a que se honra de forma anual, un santa ou santo que se considera patrón e protector da parroquia. E as festas relacionadas con advocacións especiais, das que existe unha devoción tal que atrae fieis doutras parroquias en romaría, xeralmente estas celébranse el lugares sacralizados polo cristianismo e xa consagrados polos ritos pagáns, como os cumios das montañas e lugares singulares. O espazo onde celebran as festas teñen unha dobre natureza, é un espazo da veciñanza, é comunitario pero tamén é relixioso, xeralmente os lugares das festas atópanse nos adros das igrexas. O chamado 'campo da festa' ten unha dobre natureza, espiritual e comunitaria, cósmica e terreal, o que sucede coa parroquia mesma.



A parroquia: Permanencia e cambio

Dende mediados do século XX, aínda que xa arrincara a finais do XIX, o mundo rural sufriu unha gran transformación, tal é así que xa non debería chamarse actualmente mundo rural. Mantíñase practicamente estable dende a Baixa Idade Media, económica e socialmente, os cambios producidos pola introdución do sistema económico de mercado moderno transformou ao espazo rural, en outra cousa, que as veces non sabemos nin definir.

A crise agraria contemporánea (4), así clamada, afectou á meirande parte dos países desenvolvidos. Coa introdución dos intereses de mercado, a demanda de produtos concentrouse nas colleitas que gran produción, que fixo pasar dunha plantación de subsistencia, o policultivo, á unha explotación de monocultivo ou agro-gandeira. A explotación trae consigo o cambio na técnicas de cultivo e a mecanización. Para protexer e aumentar a rendibilidade das terras empregáronse fertilizantes químicos. Para facer fronte os gastos de mecanización e fertilizante, concéntranse as explotacións e fanse mais grandes. A estrutura da terra en minifundio é menos competitiva, polo que algúns lugares fanse concertacións parcelarias que borrarán a ancestral traza do traballo campesiño tradicional. Esta revolución na economía rural fai que os que non son capaces de adaptarse aos cambios vexan depauperada a súa vida, polo que fuxan cara as cidades do mesmo país, ou emigrando. Prodúcese un desequilibrio poboacional, comeza o éxodo rural e a explosión demográfica urbana. Da preponderancia do sector primario, pásase ao sector terciario, cun sector primario subsidiario (1/3 das rendas durante os anos 90). A muda de valores é xeneralizada, os patróns de consumo varían e as demandas de servizos aumentan, a cultura vinculada a economía agraria desaparece e a homoxeneización dos valores urbanos impera. Os medios de comunicación de masas impoñen un discurso único, no que o dinámico é a cidade e o rural é un espazo quedo, nostáxico e romántico.

Os cambios sobre a economía agraria rachan coa estrutura social da parroquia galega. A institución da igrexa católica que funcionaba de conglutinante foi perdendo poder polo paso dos anos, a relixión pasou de ser unha actividade social a ser individual e de poboación avellentada. Coa liberdade de culto, a xeración filla dos fíes por obriga fíxose agnósticos inconscientes, como di Pessoa, se saber porque (5). O declive da relixión en Europa, pódese relacionar con declive ideolóxico-político imperante, unha sociedade intransixentemente pragmática que busca solucións inmediatas para unha realidade moi complexa. A cooperación nas tarefas do campo practicamente desapareceu, a meirande parte do xente que ocupa o espazo anteriormente coñecido como rural traballa noutros traballos, facilitado pola mobilidade que permite o vehículo privado. Os campos que se traballan ou están mecanizados ou son traballados como aporte extra á economía procedente doutras fontes. As actividades relacionadas co campo non se coopera, nin se trocan esforzos, contrátase como parte do mercado. Non está presente o veciño na vida social, a vida na parroquia individualizouse. Os bens da parroquia que eran comunais, relacionados a meirande parte co traballo no campo, están abandonados xa que perderon a súa razón de ser, o uso. Bens recoñecidos cun valor artístico-etnográfico son protexidos polas administracións locais, simplemente dándolle unha ficha nun catálogo, mentres que entran en ruína os non catalogados ou os si catalogados mesmo.

A chegada das institucións democráticas a vida na parroquia tivo varias consecuencias, por un lado a aceleración dos procesos transformadores de economía de mercado, que acelerou a crise da economía agraria, e por outro a posibilidade de organización formal da parroquia dende os veciños. A democracia representativa trouxo consigo a posibilidade de darlle forma legal ao impulso de unión que existía. Nese momento unirse era unha maneira de se un interlocutor válido perante a administración. No período 'desarrollista' os concellos fixeron coas remesas

procedentes das licenzas dotacións para suplir a deficiencia de servizos, estas concentráronse nas capitalidades municipais, mentres que as parroquias poboadas pero non concentradas mantíñanse infra-dotadas. Estas asociacións civís foi o que continuo a capacidade conglomérante que tiña a igrexa na parroquia tradicional.

Na xestión de bens comunais os montes seguen a estar presente, mentres que moitos entraron en ruína. Isto débese a que o monte segue a ser unha fonte económica para os veciños, na explotación dos recursos forestais pódense obter ingresos para a parroquia, é unha ferramenta económica. Os montes comunitarios están xestionados polas comunidades de montes de mancomún, á que poden pertencer todo veciño da parroquia participando de forma democrática na xestión do patrimonio natural. 1/3 dos montes están baixo o réxime de mancomún, o que supón case un terzo da superficie galega. Do traballo dos veciños das parroquias, da democracia de base, depende unha gran parte da superficie e do patrimonio natural.

Pese ao que puidera parecer, o declive da igrexa non significou o declive das festas parroquiais, sucedeu o oposto, experimentaron un auxe. Paralelamente naceron novas festas vinculadas a festas de carácter etnográfico como os curros, ou festas gastronómicas e históricas dende unha óptica mais lúdica e empresarial. A festa parroquial segue estando vinculada a celebración patronal, pero as cerimoniais relixiosas están a ocupar menos tempo nos programas. Como explica Victor Turner: 'Os ritos son mais importantes que as crenzas' (6) Moitas persoas que non viven na parroquia regresan unha vez ao ano, como maneira de demostrar a comunidade que aínda posúe o sentimento de pertenza ou lugar e ao grupo. Os rituais que se compartiron na infancia, na orixe, gardan vínculos emocionais que se manteñen aínda que esquezan os motivos das crenzas.

A Festa

A festa é unha das entidades que potenciaban a vida comunitaria na parroquia tradicional, que sobreviviu á transformación do mundo rural. Actualmente pódese ler como un índice socioeconómico da parroquia contemporánea. A festa dinámica está vinculada sempre a parroquia activa. A festa auto-xestionada polos veciños, a base de traballo voluntario e aportes económicos individuais, fala dunha parroquia cohesiva na que existe xente con enerxía disposta a traballar pola comunidade. Nas parroquias de poboación avellentada, parte do traballo é feito pola administración local, inda se manteñen as festas, non teñen capacidade dinámica. En lugares poboados non avellentados, pero cunha poboación non cohesiva, no caso de celebrarse, son axentes económicos son os impulsores. Nun mapa simplificado, as parroquias dinámicas atopáranse nas coroas das 7 cidades e das cabezas comarcais, e seguindo a franxa costeira.

A orixe da festa probablemente estea próximo aos ritos de celebración durante o período de traballo durante o verán. Estes ritos foron cristianizados, a festa pagá fíxose celebración relixiosa. Desta maneira viviu na tradición rural. Coa crise do rural, as festas mantivéronse pero mudaron de forma.

O rito relixioso valor central na celebración noutro, pasa a un plano secundario. A celebración volve a súa orixe pagá, onde prima o lecer sobre a espiritualidade. Mantense a data coincidente coa advocación como período de festas. A música sempre presente mudou de forma. A música popular costumista das festas populares deu paso a música que traían os emigrantes alén do atlántico, a música do caribe, e no presente a música globalizada. Dos gaiteiros que tocaba por un viño, pasouse a orquestras contratadas. Actualmente as orquestras levan a cada parroquia un

espectáculo de son e luz, música globalizada onde interpretan os temas mais populares do momento. É un fenómeno propiamente galego, persoas que se declaran fanáticas dunha orquestra e a seguen polas festas da comarca. Unha orquestra galega famosa en agosto pode chegar a ter o mesmo prezo de contratación que un músico recoñecido. Nas festas tamén hai lugar para as bandas de música populares, formacións que tocan pezas cultas ou de inspiración popular compostas moitas veces por músicos novos. As bandas serven para manter viva a educación musical nas parroquias grazas as escolas de música que manteñen.

Na tradición ao rematar as tarefas do campo, poñían a roupa dos domingos, e ían á festa; de forma contemporánea a festa forma parte do lecer durante o período de vacacións do traballo, no sector servizos, por exemplo. Economicamente a festa é un micro impulso, negocios itinerantes que se instalan durante as festas atraídos polo fluxo de persoas, a hostalaría local que tamén se ve favorecida e sube o valor de posición da parroquia como lugar referente da contorna nese período.

Socialmente, a festa é e foi un período de excepción. E isto fai que estean permitidos comportamentos que doutra maneira non o estarían. A xerarquía de clases, propia das sociedades capitalistas e de marcada tradición, suspéndese ou non se fai presente. O pobre, o cacique, traballador ou o empresario están no mesmo campo da festa en igualdade de condicións, enchendo os zapatos de lama de igual forma. O espazo da festa é un lugar sen unha sexualidade definida, mentres que a maioría dos planos públicos está dominado por homes, como o espazo colectivo por antonomasia da parroquia, o bar. Dende o punto de vista xeracional tampouco ten unha idade dominante, ten flutuacións de dominancia. Os elementos tradicionais relixioso e musical, é dominado polos maiores, os xogos e atraccións polos nenos, e a festa nocturna predomina a mocidade. A mestura xeracional é constante. A represión sobre a sexualidade tamén se rebaixa, os bailes sexualmente explícitos están permitidos. A inhibición que produce o alcohol, os sons altos e o sentirse protexido pola tribo fai que estes comportamentos non sexan reprimidos pola comunidade fora deste período. Tradicionalmente as festas eran un reclamo para atraer a persoas doutras parroquias a propia, na etapa da mocidade a festa supuña un espazo de exhibición sexual e sedución. Os namoramentos dos bailes da festa están presentes na tradición oral. Na contemporaneidade os espazos de relación na mocidade multiplicáronse, pero a festa segue mantendo un espazo na conciencia colectiva como lugar para o achegamento mutuo.

Moitas parroquias próximas ás cidades convertéronse en alternativa barata para facer unha vivenda. Fixo que na homoxeneidade social das parroquias aparecesen persoas alleas, os neo-parroquianos. O traballo e o lecer dos neo-parroquianos soe ser alleo a onde vive, e non se relacionan cos veciños, ao manter hábitos diferentes. A festa serve para dar a coñecer aos novos membros na comunidade, ser recoñecido dentro da identidade colectiva, fai de dinamizador social.



Fotografías dende a AG-57
 Google Street View
 Febreiro 2011
 42.154381,-8.713371
 42.155336,-8.712373

O Lugar

O lugar para desenvolver o proxecto é A Fraga, un lugar calquera e especial a un tempo. Fraga é unha dos topónimos recollidos máis repetido, 1370 veces dos 426000 topónimos recollidos no nomenclátor oficial da Xunta. A RAG (7) define fraga como unha extensión de monte, polo xeral illado e de difícil acceso, poboado de distintas especies caducifolias, de herbas, mofos e liques e na que convive así mesmo unha gran diversidade de fauna. Fai moito tempo os primeiros poboadores deste lugar decidiron que esta fraga sería un bo lugar para vivir, na aba do monte do

que baixa un pequeno regato. Das 1370 fragas galegas, a meirande parte encaixen nesta definición. Un lugar xenérico no territorio, un núcleo máis.

A nosa fraga atópase na comarca de Vigo, no municipio de Gondomar, na parroquia de Santa Mariña de Vincios, de coordenadas 42.1526, -8.712. Un pequeno núcleo que non chega a un cento de vivendas e unha poboación de 250 habitantes (IGE 2011 (8)). Como a súa definición di, é un lugar illado, a Fraga non era visible a menos que se fora a ela, estaba nun camiño en *Cul-de-sac*, a estrada que atravesa a meirande parte da parroquia a PO-331 pasaba próxima pero as árbores non deixaban ver a Fraga. Esta condición de non ser visible vende a estrada, faíno un lugar descoñecido para moitos veciños da contorna. Coa chegada da prolongación da autoestrada AP-9, a AG-57 Puxeiros-Val Miñor, esta situación mudou. A autoestrada supuxo un balcón con vistas a Fraga, de invisible pasaba a exhibida. Esta condición de illada trocaba para estar conectada coa arteria comunicativa galega, a escasos 400 m atópase a entrada 17 na autoestrada AG-57.

Como case todo o que se atopa na coroa de influencia que xeran as cidades, neste caso Vigo, a Fraga é un lugar de paisaxe transxénica (9), unha mestura de rural e urbano. Ao mosaico territorial agrícola superpónselle unha trama de vivendas conectadas mediante as infraestruturas. A urbanidade é unha liña, a rede de electricidade, onde chegan os servizos chegan as vivendas, ou á inversa. A estrada ramifícase como un rizoma que coloniza o territorio, o asfalto irriga os camiños. A vivendas dos fillos constrúese ao carón da doas pais, o campo faise soar. O valor da terra sepárase do valor da produtividade do solo, o valor da terra é o valor que lle outorga un PXOM. Dos ferrados ao m².

A Fraga poderíase clasificar dentro da urbanización difusa, un modo de ocupar o territorio incomprendido, xa que non está dentro da dicotomía clásica do urbano-rural. En Vigo aínda é frecuente, mesmo en documentos urbanísticos producidos polo concello, caracterizar como <<rural>> a conxunto de feitos espaciais que non se corresponden coa cidade convencional, senón coas parroquias que manteñen, en todo caso, unha forte presenza e arraigo social, veciñal e paisaxístico nun territorio fortemente costaneiro e topográficamente complexo(10).

Coa identidade dividida, o hábitat difuso produce tamén arquitectura transxénica. Vivendas tradicionais, vivendas tradicionais ampliadas e vivendas 'rústicas' conviven no mesmo espazo. A vivenda xa non é célula produtiva tradicional, con espazos anexos de alpendres e cortellos e horta, na contemporaneidade a vivenda é exclusivamente residencia e con xardín. Formalmente pode recrear a vivenda burguesa da cidade xardín, pero persiste a cultura do anexo rural, inmediato a vivenda pequenos cubertos para dar espazo as afeccións ou ao lecer, galpóns e churrasco. Arquitecturas híbridas.

A diferenza da veciña parroquia de Valadares, onde a extensión do esporexido das vivendas é moi grande. A Fraga, condicionada pola topografía e o perímetro de monte, ten un límite moi claro. Cara a orientación sur, leste e oeste está confinado polo monte, e cara ao noroeste a autoestrada marca un novo límite. Esta condición de illamento e confinamento, fixo que sexa unha comunidade homoxénea, onde se coñecen todos. De este impulso de unidade naceu unha festa, a celebración de estar todos xuntos, que cada ano celebran a súa verbena particular, o segundo fin de semana de setembro. A pesares de que a parroquia xa ten unhas festas patronais en Xullo, este lugar co traballo dos veciños ten a súa festa propia. Habílitase unha explanada onde se montan as actividades. O proxecto consiste en propor un espazo para a festa e ordenalo.



Ortofotografía do PNOA.
 Voo dos anos 2009 e 2010
 Proxección U.T.M. Fuso 29
 Elipsoide GRS80 Sistema de referencia ETRS89
 Instituto de estudos do territorio
 Folla: 0261A-0401

Intencións do programa

“Hay arquitecturas grandes, vacías de contenido y significado, banalmente grandes; y hay arquitecturas pequeñas, densas y complejas. Cuando se habla de la pequeña escala uno se refiere a algo distinto al tamaño, pensando en aquellas arquitecturas que son pequeñas, abarcables en su percepción, pero en su tamaño natural” (11)

En toda arquitectura debería estar sempre presente a reflexión. Este proxecto pretende servir de escusa para reflexionar sobre diversas escalas do proxecto, aínda que o ámbito de actuación é local, as condicións son moi semellantes ao longo do país:

- Rachar coa dicotomía cidade-campo, do urbano-rural. Como vivir próximos ao que antes era campo, ao que era rural, pero cun modo de vida urbano.
- A influencia da mobilidade e da economía na vida no/do campo. O vehículo privado revolucionou un mundo, vivir, traballar e o lecer en puntos diferentes todos conectados por unha estrada.

- A historia e a tradición mesturada coa contemporaneidade, a heteroxeneidade das paisaxes rururbanas. Elementos rurais con uso urbano e elementos urbanos integrados no ex-rural, con naturalidade que aporta o cotián.
- A sustentabilidade da pequena escala. Unha actividade auto-xestionada e sustentable dende que nace do traballo veciñal. Nos tempos do centralismo, a micro escala segue a propor maneiras de actuar alternativas.
- Proxectar arquitectura efémera que poida ser permanente. Entender que o gasto enerxético para construír arquitectura ten que ter un fondo proceso de reflexión, marcar a liña entre o permanente e o efémero.
- A arquitectura como resposta a un acción social e soporte de actividades. En lugar de facer arquitecturas como elefantes brancos que haxa que buscar un contido, unha arquitectura que de acubillo a unha demanda social.

Hasta ao máis urbanita ten aldea e máis próximo do que semella estas dinámicas. Pararse a ver o que nos rodea, ler o paso da tradición e da contemporaneidade no territorio é unha forma de coñecernos, de recoñecerse.

Programa

- Puntos flexibles: **Parcela e Escala.**

A/o alumna/o ten a liberdade de decidir a parcela do proxecto, sempre dentro da contorna do lugar d'A Fraga, ao que ten que servir. Pode escoller a/as peza/pezas que son permanentes e efémeras do proxecto, atenderase ao uso para unha poboación de 250 habitantes, razoando o uso durante o período non festivo, e a forma de desmontalo e gardalo.

- Ordenación:

- Determinar un area suficiente para o **campo da festa**. (800 – 2500 m²)

Tendo en conta que ten que poder acceder e manobrar dous camións con sendas orquestras, a disposición das pezas fixas e as itinerantes, e o fluxo de persoas ao longo do día.

- Área para os **camións-escenarios**, 2 por noite. (60 - 150 m²x2)
- Área para **atraccións e postos de venda** itinerante. (500 – 1000 m²)
- Área de **aseos públicos** (transportables).

- Área de **aparcamento** para visitantes, con especial atención ao aparcamento dos feirantes.

- Instalación de **iluminación nocturna** festiva.
- Sistema de **megafonía**

- **Pezas** efémeras/transportables.

- **Posto de venda** tipo. Unha peza cuberta que permita mostrar a mercancía. Indicado para pequenos artesáns e vendedores esporádicos.

- **Palco da música.** Aínda que a meirande parte das orquestras xa veñen con camión-esenario, é necesario dotar dunha superficie cuberta elevada onde poidan tocar as bandas de música populares, bandas de rock locais ou dar unha misa. (60 - 100 m²).

- **Pezas** permanentes.

- **Almacén.** Para gardar todos os elementos desmontables.

- **Centro comunitario.** Que poida facer as veces de bar da comisión, cafetería ou comedor. Ese mesmo lugar pode ter un uso non lúdico, centro social xestionado polos veciños. O diñeiro obtido polo traballo dos veciños voluntarios financiará en parte á festa.

- Área cafetería: 100 m²

- Cociña completa: 60 m²

- Comedor/ Salón social/ Sala exposicións: 200 m²

- 2 Aulas/Sala de reunións/ Locais de Ensaio: 2 x 60 m²

- Aseos: 2 x 10 m²

- Vestiarios: 2 x 10 m²

- Almacén/Cuarto de Limpeza/ Residuos: 50 m²

TOTAL SUPERFICIE ÚTIL: 600 m²

(1) Otero Pedrayo, Ramón. Paisajes y problemas geográficos de Galicia. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones, 1928.

(2) Rubén C. Lois e M. P. de Torres "A parroquia e a xeografía de Galicia", en *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Páx. 21-57. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia 2009

(3) González Reboredo, X.M. en *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia 2009

(4) García Docampo, Manuel. A construción social do territorio galego. Santiago de Compostela: tresCtres editoria 2003

(5) "Nasci em um tempo em que a maioria dos jovens haviam perdido a crença em Deus, pela mesma razão que os seus maiores a haviam tido — sem saber por quê. E então, porque o espírito humano tende naturalmente para criticar porque sente, e não porque pensa, a maioria

desses jovens escolheu a Humanidade para sucedâneo de Deus” Pessoa, Fernando. Livro do Desassossego. Lisboa: Companhia das Letras 1999.

(6) Rodríguez Campos, X. en *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia 2009

(7) <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>

(8) <http://www.ige.eu>

(9) Domingues, Álvaro. Vida no Campo. Porto: Dafne 2011

(10) Dalda Escudero, J.L.. Vigo: Cidade Difusa. <http://proxectoterra.coag.es>

(11) Gallego Jorreto, M. Anotaciones al margen. Barcelona: GG 2007